

12. A monarquía liberal

No nome de Deus todopoderoso, Pai, Fillo e Espírito Santo, autor e supremo lexislador da sociedade.

As Cortes xerais e extraordinarias da nación española (...) decretan a seguinte Constitución (...):

Art.1. A nación española é a reunión de todos os españois de ambos hemisferios. (...)

Art.3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais. (...)

Art.4. A nación está obrigada a conservar e protexer (...) a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen. (...)

Art.8. Tamén está obrigado todo español, sen distinción algunha, a contribuír en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado. (...)

Art.12. A relixión da nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica, romana, única verdadeira. A nación protéxea por leis sabias e xustas, e prohíbe o exercicio de calquera outra.

Art.14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria.

Art.15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.

Art.16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art.17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais.

Art.131. As facultades das Cortes son: Propoñer e decretar as leis (...). Fixar os gastos da Administración pública (...) Establecer anualmente as contribucións e impostos (...) Protexer a liberdade política da imprenta (...) Facer efectiva a responsabilidade dos Secretarios de Despacho (...).

Art.172. As restriccóns da autoridade do rei son as seguintes: (...) Non pode impedir, baixo ningún pretexto, a celebración das Cortes (...), nin suspendelas, nin disolvelas, nin en maneira algunha embarazar as súas sesións e deliberacións (...). Non pode o rei ausentarse do reino sen o consentimento das Cortes e, se o fixera enténdese que abdicou da Coroa. (...). Non pode impoñer por si contribucións (...).

Art.361. Ningún español poderá excusarse do servicio militar.

Constitución española. 1812 [cast.]



A Constitución de 1812.

Art.1. De acordo co establecido na lei Quinta, título XV, Partida segunda e as leis Primeira e Segunda, título VII, libro VI da Nova Recompilación, SM a Raíña Gobernadora, no nome da súa excelsa filla, dona Sabela II, resolveu convocar as Cortes xerais do Reino.

Art.2. As Cortes xerais estarán formadas por dous Estamentos: o de Próceres do Reino e o de Procuradores do Reino.

Art.3. O Estamento de Próceres do Reino estará formado por: (...) os arcebispos e bispos, os Grandes de España, os Títulos de Castela, (...) [os] que sexan ou foran Secretarios de Despacho (...), os propietarios territoriais ou donos de fábricas, manufacturas ou establecementos mercantís que sumen ao mérito persoal (...) unha renda anual de sesenta mil reais (...).

Art.6. A dignidade de Prócer do Reino é hereditaria nos grandes de España.

Art.7. O rei elixe e nomea aos demais Próceres do Reino, que teñen dignidade vitalicia.

Art.13. O Estamento dos Procuradores do Reino estará formado polas persoas que se nomeen de acordo coa lei de eleccións.

Art.14. Para ser Procurador do Reino requírese: (...) ter trinta anos cumplidos, estar en posesión dunha renda propia anual de doce mil reais (...).


Art.24. Corresponde exclusivamente ao rei convocar, suspender e disolver as Cortes. (...)

Art.31. As Cortes non poderán deliberar sobre ningún asunto que non fora sometido expresamente ao seu exame en virtude dun Real decreto. (...)

Art.33. Para a formación das leis requírese a aprobación dun e outro Estamento e a sanción do rei.

Art.34. Segundo dicta a lei (...) non se esixirán tributos nin contribucións de ningunha clase sen que, a proposta do rei, os votaran as Cortes.

Estatuto Real para a convocatoria das Cortes. 10-4-1834 [cast.]



Apertura das Cortes pola rexente en 1834.

42. Réxime liberal progresista

Dona Sabela II, pola gracia de Deus e da Constitución española, raíña das Españas (...) sabede: Que as Cortes xerais decretaron e sancionaron, e Nós, de conformidade aceptado, o seguinte:

Sendo a vontade da nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz o 19 de marzo de 1812, as Cortes xerais congregadas a este fin decretan e sancionan a seguinte Constitución. (...)

Art.2. Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura, con subxección ás leis.
A cualificación dos delictos de imprenta corresponde exclusivamente aos xurados (...)

Art.4. Uns mesmos códigos rexerán en toda a Monarquía (...).

Art.11. A nación obrígase a manter o culto e os ministros da relixión católica que profesan os españois.

Art.12. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.

Art.13. As Cortes compónense de dous corpos colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados. (...)

Art.15. Os senadores son nomeados polo rei, a proposta, en triple lista, dos electores que en cada provincia nomean os deputados a Cortes. (...)

Art.22. Os deputados elixiranse polo método directo e poderán ser reelixidos indefinidamente. (...).

Art.36. O rei e cada un dos corpos colexisladores teñen a iniciativa das leis. (...)

Art.45. A potestade de facer executar as leis reside no rei (...).

Art.63. Aos tribunais e xulgados pertence exclusivamente a potestade de aplicar as leis (...).

Art.70. Para o goberno interior dos pobos haberá concellos, nomeados polos veciños a quen a lei concede este derecho. (...)

Art.76. As Cortes fixarán todos os anos, a proposta do rei, a forza militar permanente de mar e terra.

Art.77. Haberá en cada provincia corpos de Milicia Nacional.

Constitución de 1837 [cast.]

44. Réxime liberal moderado

Dona Sabela II, pola gracia de Deus e da Constitución da monarquía española, raíña das Españas, (...) sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos privilexios e liberdades destes Reinos (...) modificando ao efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, decidimos, en unión e de acordo coas Cortes (...) decretar e sancionar a seguinte Constitución. (...)

Art.11. A relixión da nación é a católica, apostólica e romana. O Estado obrígase a manter o culto e os seus ministros.

Art.12. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.

Art.13. As Cortes compónense de dous corpos colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados. (...)

Art.14. O número de senadores é ilimitado. O seu nomeamento pertence ao Rei (...).

*Art.15. Unicamente poderán ser nomeados senadores os españois que, ademais de ter trinta anos cumplidos, perten-
zan ás seguintes clases: presidentes dalgún dos corpos colexisladores (...); ministros da Coroa; conselleiros de Estado;
arcebispos; bispos; Grandes de España; capitáns xenerais do exército, (...) ademais de percibir 30.000 reais de renda pro-
cedentes de bens propios ou de salarios (...).*

Art.19. O cargo de senador é vitalicio.

Art.21. O Congreso dos Deputados comporase dos que nomeen as xuntas electorais na forma que determine a lei (...).

Art.23. Para ser deputado requírese ser español, do estado secular, ter cumplido vintecinco anos, percibir unha renda procedente de bens raíces ou pagar por contribucións directas na cantidade que a lei electoral esixa.

Constitución de 1845 [cast.]

51. Réxime liberal democrático

A nación española, e no seu nome as Cortes constituyentes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade e prover o ben de cantes vivan en España, decretan e sancionan a seguinte Constitución. (...)

Art.2. Ningún español nin estranxeiro poderá ser detido nin preso senón por causa de delicto.

Art.7. En ningún caso poderá deterse nin abrirse pola autoridade gobernativa a correspondencia confiada ao correo, nin tampouco deterse a telegráfica. (...)

Art.13. Ninguén poderá ser privado temporal ou perpetuamente dos seus bens e dereitos, nin turbado na posesión deles, senón en virtude de sentencia xudicial.

Art.15. Ninguén está obrigado a pagar contribución que non fora votada en Cortes, ou polas corporacións populares legalmente autorizadas para impoñela.

Art.16. Ningún español que se encontre en pleno goce dos seus dereitos civís poderá ser privado do derecho de votar nas eleccións de senadores, deputados a Cortes, deputados provinciais e concelleiros.

Art.17. Tampouco poderá ser privado ningún español:

Do derecho de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito, valéndose da imprenta (...). Do derecho de reunirse pacificamente. Do derecho de asociarse para todos os fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública (...). Do derecho de dirixir peticións ás Cortes, ao rei e ás autoridades

Art.21. A nación obrígase a manter o culto e aos ministros da relixión católica. O exercicio público ou privado de calquera outro culto queda garantido (...) sen máis limitacións que as regras universais da moral e do derecho.

Art.32. A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanen todos os poderes.

Art.33. A forma de goberno da nación española é a Monarquía.

Art.34. A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O rei sanciona e promulga as leis.

Art.35. O poder executivo reside no rei, que o exerce por medio dos seus ministros.

Art.36. Os tribunais exercen o poder xudicial.

Art.38. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores: Senado e Congreso. (...)

Art.68. O rei nomea e separa libremente aos ministros.

Constitución de 1869. [cast.]

1.

Monarquía constitucional conservadora

Don Afonso XII, pola gracia de Deus, rei constitucional de España, a todos os que as presentes visen e entendesen, sabe-de: Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española (...):

Art.11. A relixión católica (...) é a do Estado (...). A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros. Ninguén será molestado no territorio español polas súas opinións relixiosas nin polo exercicio do seu propio culto, agás o respecto debido á moral cristiá.

Non se permitirán, sen embargo, outras manifestacións públicas que as da relixión do Estado.

Art.13. Todo español ten dereito: de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito (...), de reunirse pacificamente (...), de asociarse para fins da vida humana (...), de dirixir peticións individual ou colectivamente ao rei, ás Cortes (...).

Art.18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.

Art.19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados.

Art.20. O Senado está formado de (...) senadores por derecho propio, de senadores vitalicios nomeados pola Coroa, de senadores elixidos polas Corporacións do Estado e os maiores contribuíntes na forma que determine a lei. (...)

Art.27. O Congreso dos Deputados está formado polos que nomeen as xuntas electorais na forma que determine a lei (...).

Art.28. Os deputados elixiranse e poderán ser reelixidos indefinidamente polo método que determine a lei.

Art.50. A potestade de facer executar as leis reside no rei (...).

Constitución española. 1876 [cast.]